

## Protocolo de Denuncias Internas

### **CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **Artigo 1. Obxectivo**

Este protocolo ten como obxectivo garantir un proceso seguro, xusto e transparente para a presentación e xestión de denuncias internas no partido. Trátase dunha ferramenta fundamental para garantir o cumprimento da normativa interna e dos principios éticos da organización, así como a prevención de delitos no marco da Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

Ademais, a existencia deste canal contribúe a fomentar unha cultura de integridade, respecto e igualdade, na que todas as persoas que conforman Movemento Sumar Galicia se sintan protexidas e libres de discriminación ou abuso, algo que é esencial para o desenvolvemento dunha organización democrática, feminista e transparente.

#### **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

Este protocolo aplícase a todas as persoas que teñen algunha relación co partido, incluídas persoas empregadas, membros, voluntarias, colaboradores, cargos públicos e calquera persoa que actúe en nome do partido. O seu ámbito abarca todas as actividades relacionadas co funcionamento do partido, tanto internas como externas, incluíndo o ámbito institucional.

#### **Artigo 3. Principios reitores**

O protocolo baséase nos seguintes principios fundamentais:

- **Confidencialidade:** Protexerase a identidade da persoa denunciante e a información proporcionada durante todo o proceso.
- **Imparcialidade:** As investigacións levaranse a cabo de forma obxectiva e sen sesgos.
- **Respecto aos dereitos fundamentais:** durante a tramitación das denuncias, as distintas accións dirixidas ao esclarecemento de feitos e resolución de conflitos desenvolveranse sempre con pleno respecto aos dereitos fundamentais das persoas implicadas, principalmente: presunción de inocencia, dereito a un proceso con todas as garantías, principio de contradición.
- **Non represalias:** Garantírase a protección contra calquera tipo de represalia cara ás persoas denunciante, asegurando un contorno seguro, particularmente en casos relacionados con calquera tipo de violencia ou discriminación machista, racista ou lgtbifóbica.

### **CAPÍTULO II: DIFERENCIACIÓN DE TIPOS DE DENUNCIAS**

#### **Artigo 4. Tipos de denuncias**

O protocolo distingue dous tipos de denuncias:



- **Incumprimento Normativo:** Casos de corrupción, deslealdade no exercicio da función pública, incumprimento de normativas internas, conflitos de interese e outras infraccións.
- **Acoso e Discriminación:** Denuncias de acoso (sexual ou laboral), discriminación (racial, LGTBIfóbica, de xénero) e calquera situación que xere un ambiente hostil ou inseguro para calquera persoa que forma parte do partido, tal e como se describe no artigo 2.

## CAPÍTULO III: CONFIDENCIALIDADE E SEGURIDADE

### Artigo 5. Confidencialidade

O protocolo garante a **confidencialidade** en todas as etapas do proceso para protexer a identidade da persoa denunciante:

- As denuncias poden ser presentadas de maneira **anónima** a través dun formulario seguro na páxina web oficial ([www.movementosumar.gal](http://www.movementosumar.gal)), con acceso exclusivo para o equipo de investigación.
- Désígnase unha persoa **responsable do buzón de alertas** encargada de xestionar os datos con estritas medidas de seguridade dixital.
- A cada denuncia asignaráselle un **código único** para que a persoa denunciante poida facer seguimento sen revelar a súa identidade.

### Artigo 6. Protección de datos

Os datos recompilados durante o proceso de denuncia almacenaranse de maneira segura e utilizaranse unicamente para a investigación e resolución da denuncia. Só terán acceso a esta información as persoas que compoñen o equipo de investigación debidamente autorizadas.

## CAPÍTULO IV: CANLES DE DENUNCIA

### Artigo 7. Canal dispoñible

Para facilitar o acceso de todas as persoas relacionadas co partido, dispóñese dun único canal de denuncia:

- **Formulario na Páxina Web:** As denuncias poden ser presentadas mediante o formulario dispoñible en [www.movementosumar.gal](http://www.movementosumar.gal). Este formulario está dispoñible as 24 horas do día e é xestionado pola persoa responsable do buzón de alertas, quen garante que cada denuncia recibida sexa tratada con confidencialidade e obxectividade.

Este único canal impleméntase para simplificar o proceso de denuncia, asegurando un acceso directo e seguro, sen intermediarios innecesarios.

## CAPÍTULO V: PROCESO DE INVESTIGACIÓN

### Artigo 8. Recepción e avaliación inicial

Recibida a denuncia polo responsable do buzón de alertas, distingúrase entre denuncias relacionadas co incumprimento normativo ou corrupción, e casos de acoso, discriminación



ou calquera situación que xere un ambiente hostil ou inseguro para todas as persoas que forman parte do partido, conforme ao descrito no artigo 2. No caso de denuncias relativas ao cumprimento normativo, de acoso ou comportamentos que afecten á convivencia dentro da vida do partido darase traslado das mesmas á Comisión de Garantías, mentres que nos casos de acoso e discriminación por razóns de xénero, raza ou lgtbi darase traslado á Comisión de Igualdade, que activará os mecanismos contemplados no protocolo correspondente.

A persoa responsable do buzón de alertas poderá archivar as denuncias manifestamente improcedentes ou que estean fóra do ámbito do partido.

### **Artigo 9. Investigación e responsabilidade**

Unha vez aceptada, a denuncia será investigada pola Comisión de Garantías ou polo Comisión de Igualdade, dependendo do tipo de denuncia.

No caso de que os feitos denunciados puidesen ser constitutivos de infracción penal, darase traslado ás autoridades competentes.

En calquera proceso de denuncia teranse en conta aqueles elementos que puidesen implicar un impacto diferencial de xénero ou doutras formas de desigualdade.

## **CAPÍTULO VI: DEREITOS DA PERSOA DENUNCIANTE E DA PERSOA DENUNCIADA**

### **Artigo 10. Dereitos da persoa denunciante**

O partido comprométese a respectar e protexer os dereitos de calquera persoa que presente unha denuncia, os cales inclúen:

- **Dereito á confidencialidade:** A persoa denunciante ten dereito a que a súa identidade sexa protexida e a que os detalles da denuncia se manexen de forma confidencial en todas as etapas do proceso.
- **Dereito á protección contra represalias:** A persoa denunciante estará protexida fronte a calquera represalia que poida xurdir como consecuencia de ter presentado a denuncia. Calquera acto de represalia será tratado como unha falta grave que podería derivar nas sancións correspondentes de conformidade cos estatutos de Movemento Sumar.
- **Dereito á información e seguimento:** A persoa denunciante ten dereito a ser informada do progreso da investigación en prazos razoables. Isto inclúe notificacións periódicas e claras sobre o estado da denuncia, así como información sobre as medidas adoptadas ao finalizar a investigación.
- **Dereito a un trato xusto e respectuoso:** A persoa denunciante ten dereito a ser tratada con dignidade e respecto durante todo o proceso. Non se lle discriminará nin se lle tratará de maneira inxusta por ter presentado unha denuncia.
- **Dereito a presentar evidencias:** A persoa denunciante ten dereito a achegar calquera evidencia que considere relevante e a solicitar que se teñan en conta probas adicionais durante a investigación.

- **Dereito a asesoramento:** A persoa denunciante poderá recibir apoio e asesoramento, incluíndo a orientación sobre como proceder co proceso de denuncia e que esperar en cada etapa. Nos casos de acoso e discriminación, este apoio realizarase tendo en conta unha perspectiva de xénero, antirracista ou anticapacitista.

### **Artigo 13. Dereitos da persoa afectada pola denuncia**

- Dereito a que se respecte o principio de presunción de inocencia e de contradición, e a un proceso con todas as garantías.
- Dereito a coñecer a existencia dun proceso de investigación que lle afecta e dos feitos que se lle imputan.
- Dereito a coñecer os dereitos que lle asisten.
- Dereito a acceder aos datos rexistrados, a excepción dos datos de identidade e de carácter persoal da persoa denunciante en relación ao establecido pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro.
- Dereito a ser informado sobre a resolución ou arquivos da denuncia así como da posibilidade de interpoñer os recursos que procedan.

### **Artigo 14. Protección da persoa denunciante**

O partido comprométese a previr e sancionar calquera acto de represalia contra a persoa denunciante:

- **Seguimento periódico:** Realizarase un seguimento da situación persoal e de benestar da persoa denunciante durante o proceso e ata seis meses despois da conclusión da investigación.
- **Sancións por represalias:** Os actos de represalia consideraranse faltas graves e as sancións aplicaranse de acordo co establecido nos Estatutos do partido.

## **CAPÍTULO VII: SEGUIMENTO E COMUNICACIÓN**

### **Artigo 15. Seguimento da denuncia**

Cada denuncia contará cun **plan de seguimento** que establecerá datas para a comunicación de avances á persoa denunciante.

### **Artigo 16. Comunicación coa persoa denunciante**

- A persoa denunciante recibirá **as notificacións pertinentes** sobre o estado da investigación, sempre respectando a confidencialidade das partes.
- Ao concluír a investigación, comunicaranse os cambios implementados á persoa denunciante e, se é relevante, realizaranse anuncios internos para fomentar a transparencia e mellorar a cultura organizacional.

### **Artigo 17. Revisión e actualización do protocolo**

O presente protocolo será revisado e actualizado periodicamente para garantir a súa adecuación ás necesidades e realidade do día a día e orgánica do partido co fin de asegurar a súa eficacia á hora de contribuír á creación e mantemento de espazos seguros nos que desenvolver a militancia e a actividade propia do partido.